CONCELLO DE ARTEIXO

Telfs: 981 600 009 – 981 659 000
web. www.arteixo.org

FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
"Una manera de hacer Europa"

UNIÓN EUROPEA

## DOCUMENTACIÓN XERAL

- Solicitude contendo todas as autorizacións e declaracións indicadas nas bases (modelo normalizado).
- No caso de non asinar as autorizacións necesarias as persoas solicitantes deberán achegar TODA A DOCUMENTACIÓN que se indica nas bases reguladoras das axudas.
- Outra documentación obrigatoria:

A) LIÑA 1 ( AXUDAS PARA COMEDOR):

- Para acreditar conciliación da vida laboral e familiar, certificación das empresas empregadoras na que se especifique o horario laboral.
- Copias das sentenzas e convenios reguladores cando proceda.
- Fotocopia da comunicación de concesión de prestación por desemprego
- No caso de utilizar servizo de comedor diferente aos dos centros públicos do termo municipal, ao longo do mes de setembro deberán achegar o seguinte:
    a. Acreditación de dispoñibilidade de praza.
    b. Presuposto conformado emitido polo prestador do servizo

B) LIÑA 2 (AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL DIDÁCTICO):

- Ao longo do mes de setembro: factura orixinal (ver apartado 4.6 das bases)

## IMPORTANTE:

- Aplicarase puntuación derivada da situación acreditada polas persoas solicitantes polo que a non aportación da documentación acreditativa das distintas situacións conlevará a aplicación de puntos segundo datos derivados da declaración responsable e documentación que obre no expediente sin que este feito poida ser obxecto de revisión.
- Para clarificación de situacións declaradas na solicitude, ou cando sexa imposible obter os datos doutras administracións, o Concello de Arteixo resérvase o dereito de requerir calquera acreditación documental que considere necesaria.
- En todo caso, a falsidade nos datos suporá o desestimento da obtención da axuda e/ou inicio de procedemento de devolución de contías se é o caso.

CONCELLO DE ARTEIXO

Telfs: 981 600 009 – 981 659 000
web. www.arteixo.org

FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
"Una manera de hacer Europa"

UNIÓN EUROPEA

# AXUDAS AO ESTUDO

## PARA FAMILIAS CON DESCENDENTES ESCOLARIZADOS CURSO 2019/2020



**IMPORTANTE**: Segundo o regulado nas bases de aplicación é obrigatorio ter en conta o seguinte:

a) Os medios utilizados para as comunicacións relacionadas co procedemento das axudas ao estudo serán os seguintes:

   - Publicación na Sede Electrónica Municipal, páxina web e medios complementarios da información xeral que afecte ás partes do procedemento (prazos, subsanacións).

   - A resolución de concesións publicarase no BOP, Sede Electrónica e outros medios complementarios.

   - Como norma xeral, as comunicacións coas persoas administradas faranse preferentemente por medios electrónicos. No caso de que a persoa solicitante facilite enderezo electrónico, ese será o que se utilice. No caso de que non o facilite, remitirase aviso a dispositivo electrónico informando da posta a disposición dos datos necesarios.
     En todo caso, o administrado deberá manifestar expresamente o non consentimento deste medio de comunicación.

b) Aos efectos de confidencialidade e aplicación de protección de datos, comunicarase Id (identificación individual do expediente de solicitude) a cada solicitante para a consulta de datos cando se publiquen ou difundan por calquera medio dos indicados.

c) Os prazos indicados son de obrigado cumprimento e no caso de que non se cumpran suporán o desestimento do dereito ás axudas ao estudo.

d) Para a obtención das axudas É OBRIGATORIO estar ao corrente coas obrigas tributarias (non ter débedas con ningunha administración)

**PRAZO DE SOLICITUDE DO 22 DE ABRIL AO 22 DE MAIO**

## AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL DIDÁCTICO

### CONDICIÓNS PARA OBTER A AXUDA:

Alumando empadroado no Concello de Arteixo con anterioridade á apertura de prazo da convocatoria anual.

Alumnado matriculado ou con reserva de praza no nivel de ensino infantil (4°, 5° e 6°) en centros educativos sostidos con fondos públicos.

Non superar a renda per cápita anual correspondente ao 130% do IPREM* (8.390,24 € computándose 12 pagas).

Os tramos de axudas son os seguintes:

- Renda per cápita inferior ao 100 % IPREM* (inferior a 6.454,03 €): ata 150 €.
- Renda per cápita entre o 100 % e 130 % do IPREM* (entre 6.454,03 € e 8.390,24 €): ata 90 €

*O IPREM será o vixente no momento da convocatoria

**É <u>obrigatoria</u> a entrega da <u>factura</u> entre o 1 e o 30 de setembro.**

(Non terán validez tiques sin datos identificativos)



## AXUDAS PARA COMEDOR



### CONDICIÓNS PARA OBTER A AXUDA:

- Alumnado empadroado no Concello de Arteixo con anterioridade á apertura do prazo da convocatoria anual.
- Estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos do termo municipal nos seguintes niveis:
  - 2° ciclo de ensino infantil
  - Ensino obrigatorio (primaria e secundaria)
  - Bacharelato
  - Ciclos de FP
- Non superar a renda per cápita máxima de 6.454,03 € anuais correspondente ao 100% do IPREM*
- As contías das axudas virán determinadas polos ingresos da unidade familiar. En todo caso, a contía máxima que se concederá é de 95 € mes ou 4,8 €/día (consultar bases).
- As axudas ingresaranse ás familias en 3 prazos:
  - 1° prazo: 40 % do total. (En datas posteriores á súa aprobación).
  - 2° prazo: 30 % do total unha vez que se dispoña de xustificación do gasto correspondente ao 1° prazo.
  - 3° prazo: 30 % do total unha vez achegada xustificación final que se presentará antes do 20 de xullo do 2020.

**<u>IMPORTANTE</u>:**

- As solicitudes que aparezan na listaxe definitiva como **"condicionadas á praza no comedor"** deben activarse e comunicarse ao departamento xestor antes do 31 de decembro do curso para o que se solicitou a axuda
- A xustificación da axuda deberá realizarse entre o 1 e o 20 de xullo presentando xustificante da totalidade dos pagos bancarios realizados ao longo do curso
- No caso de que a documentación de xustificación do gasto completo da Liña 1 (axuda comedor) non se entregue no prazo habilitado ao efecto, a persoa solicitante non percibirá o pago final e procederá a devolución de contías cobradas.